



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISORA MUNICIPAL DE RADIO PARA A EMISIÓN DE ANUNCIOS PUBLICITARIOS

Artigo 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41 a), ambos da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e tal e como marca o artigo 3.2 da Lei 11/91, do 8 de abril, de organización e control de emisoras municipais, este Concello establece o prezo público por utilizacións privativas constituídas pola emisión de cuñas publicitarias na Radio Municipal, especificando as tarifas no apartado 2 do artigo 3, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas ou Entidades que se beneficie do aproveitamento, previa oportuna autorización.

Artigo 3.- Contía.

1. A contía do prezo público será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo ao tempo de emisión de cada cuña.
2. Tarifas:

10 segundos de emisión.....	2,824757 euros
15 segundos de emisión.....	3,125263 euros
20 segundos de emisión.....	3,425769 euros
Cada segundo máis.....	0,156263 euros
Necrolóxicas funerarias.....	13,70 euros
Gravación de cuñas.....	13,70 euros

Efectuaranse os seguintes descontos:

Contratación de máis de 75 cuñas.....	10%
Contratación de máis de 150 cuñas.....	15%
Contratación de máis de 225 cuñas.....	20%
3. O patrocinio de programas por parte dunha casa comercial ten un prezo por espazo de 34.26 euros, incluíndo unha cuña ao comezar o programa, outra na metade e outra ao remate do programa patrocinado.
4. A emisión deberase ordenar de acordo coa entrada das solicitudes presentadas nas Dependencias Municipais. Sen embargo, se a persoa ou entidade interesada desexa emitir o seu "spot" nun horario determinado, a mesma sufrirá un recargo do 100%.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 4.- Normas de xestión

1. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento e se abonarán na Depositaria Municipal correspondente con anterioridade á emisión da cuña publicitaria.
2. As persoas ou entidades interesadas na difusión de espazos publicitarios, deberán previamente solicitalo, mediante a especificación da cuña a emitir e o tempo de emisión.
3. A autorización da emisión será competencia do Señor Alcalde ou da persoa adscrita ao servizo en quen delegue, de acordo coa lexislación que regula a delegación de competencias en materia de réxime local, procedéndose simultaneamente á firma dun contrato entre as partes.
4. A publicidade emitirase preferentemente en lingua galega.
5. Os spots publicitarios emitiranse sen que interrompa a continuidade dun programa, agás no caso de que o mesmo sexa patrocinado pola mesma casa comercial titular da cuña.
6. Cada bloque publicitario non poderá exceder de tres cuñas como máximo, para que a emisión habitual de Radio Foz non sufra desaxustes na súa programación.
7. No mesmo bloque publicitario non se poderán inserir cuñas de publicidade de casas comerciais que traballen no mesmo ámbito de competencia.
8. O Concello reservará se o dereito de admisión daqueles spots publicitarios que así o considere oportuno; estas tarifas non serán de aplicación no caso de emisión de programas fora da xornada habitual de emisión tarde-noite, que por financiarse en base ás cuñas publicitarias inseridas, deberán ser obxecto dun prezo especial que garanta en todo caso o necesario equilibrio financeiro.

Artigo 5.- Obrigación e forma de pago

1. A obrigación de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace no momento da sinatura do contrato que ampara a emisión da cuña publicitaria.
2. O pago do prezo público realizarase por ingreso directo na depositaria municipal ou onde estableza o Concello con anterioridade á emisión das cuñas publicitarias.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa aplicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Foz, a 2 de marzo de 1.998

Adapt. Euro Resol. Alcaldía de 5 de novembro de 2.001

O Alcalde

José María García Rivera